

Saúdo poético a Mariví Villaverde

M.^a Asunción CANAL COVELO

Os recitais do Grupo poético Bilbao son sempre un acontecemento gorentoso para os galegos que residimos en Madrid e máis cando o motivo do recital é homenaxear unha das figuras máis representativas da galegitude madrileña, como é a escritora aousá María Victoria Villaverde, amiga e compañeira cuxo rostro sempre está presente entre o público nos actos que ao longo dos anos veñen realizando os poetas “madrigalegos” e o Centro de Estudos Galegos en Madrid.

Mariví tiña que ser a protagonista dun deles nalgún momento, porque a súa vida e a súa obra ben o merecen, e grazas á iniciativa de Manuel Pereira e de Rafael Yáñez puidemos levalo a cabo este 23 de marzo de 2010.

Xa había tempo que tiñan esta homenaxe en mente, e ao enterárense de que no Centro de Estudos Galegos da UCM estabamos a traballar nun proxecto literario sobre Ramón de Valenzuela e a súa dona Mariví Villaverde, dirixido pola doutora Carmen Mejía, non dubidaron en contar connosco para a organización deste acto. Así pois, puxémonos mans á obra e despois de varias xuntanzas nunha agradabilísima chocolatería que nos serviu como base de operacións, argallamos un recital-homenaxe na honra desta extraordinaria muller de vida intensa. Consequimos un espazo na Universidade Complutense e diligentemente Manuel Pereira encargouse de mobilizar os poetas.

Entre o público, ademais dunha neta de Mariví, estaban Carlota, a viúva de Borobó, e as súas fillas, Inés Canosa, Sabino Torres, e outros compañeiros e amigos de agora e doutros tempos, todos desexando acompañala nesta cálida e familiar homenaxe.

Manuel e mais eu presentamos o acto, acompañados na mesa pola propia Mariví, e foi el o que deu comezo ao recital cun emotivo poema co que xa nos agasallara tempo atrás, na celebración do Día das Letras Galegas, o 14 de maio de 2002, e que daquela causara un grande impacto en Mariví.

Recital do Grupo Bilbao

“Saúdo poético a Mariví Villaverde”

23 de marzo de 2010

19:00h

Seminario de Filosofía 217, 1ª planta
Edificio A. Facultad de Filología
Avenida Complutense s/n

Participarán:
Manuel Pereira,
Vicente Araguas, Marga Vázquez,
Fermin Bouza, Maitte Dono,
Xosé Galán, Pepa Nieto,
Luz Pichel, Begoña Regueiro,
Rafa Yáñez, Carmen Mejía
e María Victoria Navas
Coa intervención especial de
Xesús Alonso Montero



Grupo poético Bilbao

Centro de Estudos Galegos da UCM

“Agardo as túas cartas coa voz debuxada en cada letra”, este é o primeiro verso do poema que Manuel recitou especialmente para a escritora e que describe perfectamente e sen querelo a relación postal entre ela e Ramón de Valenzuela mentres el estivo encarcerado.

A seguir a profesora M.^a Victoria Navas falou brevemente da biografía da homenaxeada, para deixar paso á directora do Centro de Estudos Galegos, Carmen Mejía, que nos leu unha carta de Eduardo Blanco Amor pertencente ao arquivo persoal de Mariví Villaverde na que o escritor se dirixe á súa amiga co gallo da recente publicación

en Bos Aires da súa única novela *Tres tiempos y la esperanza*.

Despois desta emotiva lectura, novamente a poesía, e agora son Vicente Araguas –na voz de Marga Vázquez–, Maite Dono, Xosé Galán –recitado por Manuel Pereira–, Pepa Nieto –na voz de Asunción Canal–, Luz Pichel, Begoña Regueiro e Rafael Yáñez, acompañándose co son do caixón flamenco, os que agasallan cos seus versos a Mariví.

E como colofón, don Xesús Alonso Montero, que se atopaba en Madrid por mor da súa investidura como doutor *honoris causa* pola UNED, e

que non quixo perder a oportunidade de participar neste acto, achegouse onda nós para falarnos da súa relación con Mariví e Ramón de Valenzuela e para adentrarnos no mundo da emigración que a autora viviu e que reflicte en *Tres tiempos y la esperanza*.

Fondamente emocionada, Mariví pechou o acto coa lectura dun texto no que relata a súa vida antes, durante e despois de Ramón de Valenzuela, unha historia apaixonada que non deixou impasible a ningún dos que alí estabamos.

Grazas, Mariví